



## BASES

# XXII PREMIO XORNALISTAS DE LIBERDADE DE PRENSA

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), creado pola Lei do Parlamento Galego 2/99 do 24 de febreiro convoca a vixésimo segunda edición do **Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa**, co obxectivo de recoñecer e difundir o traballo dunha persoa ou organización destacada na defensa da liberdade de prensa ou cunha traxectoria profesional destacable libre e independente.

O PREMIO REXERASE POLAS SEGUINTES BASES:

1. Poderá ser presentada ao Premio Xornalistas calquera persoa ou organización que destaque pola defensa da liberdade de prensa ou sexa, ou fora, perseguida polo exercicio da súa profesión como xornalista e por protexer o dereito a informar e a recibir información.

2. Calquera membro do CPXG pode entregar unha proposta argumentada de candidato ou candidata para o Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa. Igualmente, calquera organización vinculada de forma demostrable ao xornalismo está facultada para facer chegar a súa proposta.

3. As candidaturas deben incluír a seguinte documentación:

- a. Memoria que conteña as razóns para apoiar a devandita candidatura (mínimo dun folio, máximo de catro).
- b. Currículum vitae do candidato/a ou traxectoria da organización (mínimo dun folio, máximo de catro).

A candidatura pode ir acompañada, de ser necesario, por outros tipos de material de apoio e, en xeral, por calquera documento que achegue datos relevantes e información adicional. Esta información poderá ser incorporada á web do Premio. Non se admitirán candidaturas que non inclúan a documentación anteriormente sinalada.

4. As candidaturas serán enviadas por **correo electrónico a [premiouxornalistas@xornalistas.gal](mailto:premiouxornalistas@xornalistas.gal)** ou a través da **páxina web do premio**.

A persoa ou entidade que realiza a proposta deberá estar perfectamente identificada, cos datos de contacto precisos para as comprobacións pertinentes.



5. As candidaturas deberán presentarse necesariamente antes das 14:00 horas **do martes 3 de marzo**

6. Non serán admitidas as candidaturas que non cumpran cos anteriores requisitos. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela. A Secretaría do CPXG e do premio levantará acta sobre as candidaturas recibidas e entregadas, xunto coas mesmas, á organización.

7. A Xunta de Goberno do CPXG nomeará unha comisión específica para o certame na que estarán representadas, como mínimo, a presidencia, vicepresidencia e secretaria do premio. Esta comisión é o máximo órgano de decisión do premio e os seus ditames non admiten recurso ningún.

8. A comisión será a encargada de aprobar as propostas presentadas e de decidir o número de candidaturas finalistas do premio. A comisión poderá rexeitar as candidaturas que considere que non cumpren co punto 1 das presentes bases. Non poderá haber mais de **catro** candidaturas finalistas.

9. A comisión fará oficiais e públicas —na web do Premio e na sede do CPXG— as candidaturas **o martes 10 de marzo**

10. O xurado do Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa está constituído por todos e cada un dos colexiados e colexiadas do CPXG que teñan ao día o pagamento das súas cotas. A Decana do CPXG, un/ha dos/as vicedecanos/as e o secretario do CPXG exercerán, respectivamente, a presidencia, vicepresidencia e secretaria do xurado.

11. O xurado poderá votar única e exclusivamente a través de internet. A votación electrónica realizarase **entre os días 10 de marzo e as 14:00 horas do martes 7 de abril** na web do premio.

Os colexiados e colexiadas do CPXG realizarán o seu voto a través da intranet da web do CPXG.

O Secretario do CPXG levantará acta dos votos recibidos e atribuírallelos a cada unha das candidaturas. O Premio seralle concedido á candidatura que obteña a maioría dos votos. En caso de empate, a presidencia do xurado disporá de voto de calidade.

Este procedemento será supervisado por un notario ou notaria, quen levantará acta do resultado.



**COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA**

12. O Premio Xornalistas de Liberdade de Prensa é un recoñecemento promovido pola profesión xornalística galega que non implica ningunha contía económica.

13. O ditame do xurado darase a coñecer publicamente.

14. A participación no certame implica a aceptación completa destas bases, depositadas ante a autoridade notarial.